



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 18 DE SETEMBRO DE 2014.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, , D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D. Manuel Galdo Dopico.

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as catorce horas do día dezoito de setembro de dous mil catorce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusan a súa asistencia D. Jaime Eduardo de Olano Vela e D. Manuel Galdo Dopico.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO “EXPLOTACIÓN DO MATADOIRO MUNICIPAL DE VIVEIRO”.

Visto que en data 28 de xullo de 2014 se procedeu á aprobación do expediente de contratación “Explotación do matadoiro municipal de Viveiro”, cun prezo mínimo de canon a aboar ó Concello de 8.000 euros e un prazo de duración de 25 anos, así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como a tramitación do expediente mediante procedemento aberto e tramitación urxente polo remate do contrato-ponte, delegando na Mesa de Contratación todas as decisións que procedan na tramitación do expediente ata o momento no que se formule a proposta de adxudicación.



Visto que durante o prazo de presentación de ofertas se presentou unha única oferta, por parte de Explotaciones Viveiro S.L.

Visto que tal e como consta na acta da Mesa de Contratación de data 18 de agosto de 2014, se procedeu á apertura da única oferta presentada, co seguinte resultado:

1. Días e horarios de apertura:

Núm. orde	Días	Horas
1	Horario de luns a venres	– De 8.00 a 13.00 – De 16.00 a 19.00
2	Sábados	– De 10.00 a 12.00 horas (reparto/entrega de reses por necesidades de subministración a carniceiros).
3	Domingos	– De 17.00 a 19.00 (recollida de ganado solicitados o venres)

2. Melloras segundo o establecido na cláusula 15.4 do prego de cláusulas, tal e como consta na propia oferta, que son as seguintes:

Núm. orde	Conceptos	Importes IVE engadido
1	Melloras nas distintas dependencias da edificación	67.603,30 €
2	Melloras na instalación, maquinaria e accesorios	172.566,57 €
3	Melloras medioambientais	250.453,08 €

3. A oferta económica presentada, segundo o Anexo IV do prego de cláusulas, foi a seguinte:

	Canon ofertado	Oferta en realización de obras
Orzamento base	6.650,00 €	150.000,00 €
21% IVE	1.396,50 €	31.500,00 €
Orzamento total	8.046,50 €	181.500,00 €

A puntuación acadada pola empresa presentada foi a seguinte:

Núm. orde	Conceptos	Puntuación
1	Días e horarios de apertura	10
2	Melloras nas distintas dependencias da edificación	20
3	Melloras na instalación, maquinaria e accesorios	20
4	Melloras medioambientais	20
5	Oferta económica	50



TOTAL

120 PUNTOS

A Mesa de Contratación na sesión referida propuxo como adxudicatario á empresa Explotaciones Viveiro S.L., acordando requerila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato polo órgano de contratación, aos que fai referencia a cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

En data 4 de setembro de 2014 preséntase por Explotaciones Viveiro S.L. a documentación requerida.

Consta no expediente informe previo á adxudicación emitido pola Secretaria Municipal coa conformidade de Intervención.

Consta dictamen favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Non existindo debate sobre o asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Adxudicar o contrato “Explotación do matadoiro municipal de Viveiro”, á empresa Explotaciones Viveiro S.L., cun canon a aboar ó Concello de 8.046,50 euros anuais, a aboar según o establecido no prego de cláusulas tendo en conta o importe ofertado para a realización das obras necesarias (181.500,00 euros) e un prazo de duración de vinte e cinco anos.

Segundo.- Procederase á formalización do contrato o día 30 de setembro de 2014.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación municipal para a continuidade do expediente ata a súa conclusión, para a súa notificación ós interesados e ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento.

2.- ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO POSTO CON REFERENCIA F1 DA PRAZA MUNICIPAL DE ABASTOS DE VIVEIRO, RESERVADO PARA A VENDA DE PRODUCTOS DE FROITERÍA.

Visto o expediente tramitado neste Concello en orde á concesión administrativa do posto con referencia F1 da praza municipal de abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería.

Visto que na sesión celebrada polo Pleno da Corporación en data 3 de abril de 2014 se aprobou o proxecto e prego de cláusulas que serviron de base para a concesión administrativa, sometendoos a información pública durante trinta días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, outorgando dito prazo para a presentación de ofertas.

Visto que durante o devandito prazo se presentaron ofertas por parte de D. José Luis Penabad Díaz e D. Adolfo Xavier Mateo Vieira.



Visto que na Mesa de Contratación de data 11 de xullo de 2014 se procedeu á apertura das ofertas presentadas, co seguinte resultado:

Nome licitador	Oferta económica
José Luis Penabad Díaz	271,20 €, IVE engadido
Adolfo Xavier Mateo Vieira	250,00 €, IVE engadido

Visto que a oferta máis ventaxosa resultou ser a D. José Luis Penabad Díaz, según consta en dita acta, por parte da Mesa propúxose como adxudicatario e acordouse requerirle a documentación previa á adxudicación.

Visto que tras o oportuno requerimento o adxudicatario proposto pola Mesa de Contratación, presentou en data 22 de xullo de 2014, a documentación requerida.

Visto o informe de Secretaría coa conformidade de Intervención.

Vista a proposta do encargado do Departamento de Contratación.

Visto que na Comisión Informativa de Desenvolvemento Local se dictaminou favorablemente a proposta de adxudicación da concesión administrativa referida ó adxudicatario proposto pola Mesa de Contratación, D. José Luis Penabad Díaz.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Adxudicar a “concesión administrativa do posto con referencia F1 da Praza Municipal de Abastos de Viveiro, reservado para a venda de produtos de froitería” a D. José Luis Penabad Díaz, con DNI 33860080D, por un prezo mensual de douscentos setenta e un euros con vinte céntimos de euro (271,20€), e por un prazo de concesión de 20 anos.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó adxudicatario, así como ó Departamento de Intervención e Servizo de Contratación para a formalización do correspondente contrato, que deberá recoller todos os extremos contidos no proxecto e prego de cláusulas.

3.- DETERMINACIÓN DE DOUS DÍAS FESTIVOS PARA O 2015.

Por parte da Alcaldesa sinalase que pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local se dictaminou favorablemente como días festivos os seguintes:

Día 17 de febreiro de 2015 (martes de carnaval).

Día 24 de xuño de 2015 (San Xoán).

Sinala a Sra. Alcaldesa que na Comisión Informativa se dictaminou con voto ponderado a favor do San Xoán de forma puntual, sen que se convirta nunha práctica, senón pola excepcionalidade de que o 16 de agosto o 2015 é domingo. Engade que o grupo municipal do P.S.O.E. para non crear agravios entre parroquias primeiro plantexou como datas alternativas Santo Tomás, ou o 17 de agosto,



sendo esta última data a que se aprobou na anterior Comisión Informativa. Engade que isot non vai crear precedente algún, xa que se trata dun caso particular. Di que a Comisión de Festas de Covas o propuxo e que tamén nunha ocasión a Xunta o declarou festivo. Sinala que na Comisión Informativa saíu favorable e o seu grupo vai votar a favor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz para dicir que desposi do que se falou na Comisión Informativa lle gustaría deixar clara a posición do grupo municipal do P.P. Apunta que nos últimos tres plenos e comisións se cambiou de festividade. Así sinala que na primeira se estaba a favor do 17 de agosto e agora recoñeceron que era unha boa oportunidade, ante unha situación extraordinaria, fixar como festivo o 24 de xuño, engadindo que ó mellor dentro de outros seis anos é a Virxe de Valdeflores. Manifesta que a Comisión de Festas de Covas o solicitara e se deu un pé a poder apoialo, di que é unha festividade sobradamente coñecida e incluso nunha ocasión declarada festivo pola Xunta de Galicia. Engade que Covas é unha das parroquias mási importantes de Viveiro e a festa de San Xoán é tamén unha das máis importantes de Viveiro. Di que é un día laborable o que agradece a masa empresarial, e apunta que incluso neste ano se puideron equivocar fixando como festividade un sábado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir en primeiro lugar que o seu grupo non vai pedir explicacións pola ausencia de concelleiros. Di que se alegran do cambio de parecer do grupo do P.S.O.E. e engade que se trata dun festivo importante.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo non vai votar a favor en base ó que xa manifestaron nas distintas comisións. Di que estaría encantado de que sexa festivo o 24 de xuño, que xa o vai ser, pero non están de acordo con que non se crea un precedente e considera que algunhas parroquias se van sentir agraviadas. Engade que hai un prexuízo económico importante, xa que se trata de poñer un festivo en medio de semana, e por exemplo fala do que supoñería para Portos de Celeiro pechar un mércores. Di que foi un proceso chapuza a designación dos festivos, xa que considera que non valeron para nada as Comisións Informativas. Manifesta que ten chamadas dende Viveiro e de parroquias que non ven ben que se fixe festivo o 24 de xuño. Di que non se decide este festivo dende un punto de vista equánime e sen crear precedentes, e pregúntase que se lles vai contestar a outras parroquias cando pidan un festivo, engadindo que o seu grupo se vai abster.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a primeira que propuxo nun primeiro momento fixar como festivo o 24 de xuño foi ela, manifestando unha petición da Comisión de Festas. Engade que é unha vergoña chegar a facer tres Comisións Informativas para fixar un festivo, e apunta que considera que non vai crear precedentes, xa que incluso nalgunha ocasión fixou esta data a Xunta de Galicia, así como tampouco pode ser un agravio.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que tal e como di Guillermo cada un ten a súa opinión, pero recorda que San Roque tamén coincidiu algún ano no medio de semana e fíxose como festivo e ninguén dixo nada. Engade que Covas ten un censo dunhas 4.000 persoas que en verán e polas festas aumenta moito, e que a Festa de San Xoán sempre tivo moita repercusión. Tamén sinala que fixo averiguacións con algún comerciante e para eles por exemplo o luns de Naseiro era terrorífico por ser en pleno mes de agosto. Recalca o carácter ocasional deste festivo.



Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 13 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., P.P. e B.N.G. e 2 abstencións, correspondentes ó grupo do i.V.i., fixar como festivos no Concello de Viveiro para 2015 as seguintes datas:

- ⇒ Día 17 de febreiro de 2015 (martes de carnaval).
- ⇒ Día 24 de xuño de 2015 (San Xoán).

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:30 horas do día 18 de setembro de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.